

Mañá celébrase o Día Internacional contra o Cambio Climático

EROSKI REDUCE NO 2019 A SÚA PEGADA DE CARBONO MÁIS DUN 18% RESPECTO AO 2018

- **As accións implantadas no seu compromiso na loita contra o cambio climático lévanse a cabo en todas as fases da cadea de valor nas que a súa actividade pode ter un impacto no medio natural**
- **A redución da pegada de carbono supón evitar as emisións de máis de 65.000 toneladas de CO₂ equivalente ao ano respecto ao 2018**
- **O obxectivo de EROSKI é reducir un 25% as emisións de CO₂ para o 2025 con respecto ao 2018**

Elorrio, 23 de outubro do 2020.- [EROSKI](#) avanza no seu compromiso na loita contra o cambio climático e deu reducido a súa pegada de carbono máis dun 18% respecto ao 2018. Para reforzar este compromiso público na loita contra o cambio climático, EROSKI levou a cabo unha serie de accións durante os últimos anos. Este traballo planificouse dende a perspectiva do ciclo de vida que actúa en todas as fases da cadea de valor nas que a súa actividade pode ter un impacto no medio natural. Estas accións forman parte dos [10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#) de EROSKI que, aliñados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), aseguran que a súa proposta comercial se enfoque a ofrecer e proporcionar alimentos cun mellor perfil nutricional e provedores e procesos que minimicen o seu impacto ambiental.

"En EROSKI pensamos que nos toca asumir con humildade que somos corresponsables da actual situación de risco ambiental que vivimos e que a sociedade desexa modificar. Mañá celébrase o Día Internacional contra o Cambio Climático instaurado pola ONU e as compañías temos o papel de mellorar a situación, e a obriga de informar a sociedade de xeito transparente e activo sobre o que facemos", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

A pegada de carbono de EROSKI está dispoñible na súa [Memoria de Sustentabilidade anual](#) elaborada segundo os estándares da *Global Reporting Initiative* e verificada por AENOR, e componse de tres alcances distintos.

O alcance 1, que inclúe as emisións directas procedentes das actividades que EROSKI controla, reduciuse nun 7% no 2019. Inclúe as emisións polos gases refrixerantes, o transporte loxístico e o consumo de gas natural para calefacción. As melloras principais para iso foron a substitución dos gases refrixerantes por outros con menor potencial de quentamento global, a optimización da climatización nas tendas e a optimización da loxística dos produtos aos puntos de venda. O actual

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

modelo de transporte supuxo cambios na planificación de todas as rutas, o uso de vehículos menos contaminantes e potenciar a loxística inversa para a xestión circular dos residuos xerados nas tendas. Estas accións enmárcanse no plan de acción LEAN&GREEN de EROSKI, que ten como obxectivo reducir un 20% as emisións loxísticas, e polo que foi premiado por parte da patronal do gran consumo, AECOC.

O alcance 2 refírese ás emisións indirectas polo consumo eléctrico e é onde maiores aforros se acadaron, superando o 35% de redución no 2019. A importante mellora na eficiencia enerxética da rede de tendas de EROSKI de nova xeración foi posible por mor dun deseño climático das instalacións de frío de última xeración e mais grazas a un sistema de iluminación LED con control centralizado. *"Reducimos o 8% do consumo enerxético (gas natural, electricidade, diésel) con respecto ao 2018 e potenciouse o uso de electricidade de fontes renovables durante o 2019"*, explicou Alejandro Martínez Berriochoa.

Obxectivo 2025: reducir un 25%

O alcance 3 comprende o resto de emisións indirectas da organización. Por agora inclúe o consumo de auga, papel, e as viaxes de traballo, entre outros aspectos. Pero EROSKI está a traballar para calcular e mellorar tamén a pegada de carbono dos produtos que comercializa. *"O noso obxectivo é reducir un 25% as emisións de CO₂ para o 2025. Para iso, EROSKI definiu e está a aplicar estratexias concretas para reducir tamén as súas emisións indirectas, como ofrecer produtos obtidos a través das mellores prácticas para o medio natural (certificados por Global G.A.P e produción integrada, benestar animal, ecolóxicos, MSC, etc.) ou o ecodeseño dos nosos envases e embalaxes"*, sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

A redución da pegada de carbono alcanzada xa no 2019 supón evitar as emisións de máis de 65.000 toneladas de CO₂ equivalente ao ano respecto ao 2018. *"Esas emisións evitadas equivalen ás emisións de media de máis de 38.000 coches novos ao ano en España"*, explicou Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)